

## **VECIÑANZA LEVARÁ AO PRÓXIMO PLENO DE CUNTIS A SUPRESIÓN DUN FACULTATIVO NO PAC DE CALDAS**

- *Dende o pasado 1 de xaneiro, o PAC de Caldas de Reis, que atende as urxencias a partir das tres da tarde dos veciños e veciñas de Cuntis pasou de contar con dous facultativos/as no centro a ter só un/unha.*
- *Veciñanza levará ao vindeiro pleno, deste mes de xaneiro, unha moción para instar ao Goberno Local de Cuntis a esixirlle á Xunta de Galicia a reposición do segundo facultativo no PAC de Caldas de Reis.*
- *Veciñanza lamenta a indiferenza amosada ata o momento por parte do Goberno Local de Cuntis, tal e como se o recorte non tivese incidencia para a nosa vila..*

Cuntis, 10 de xaneiro de 2022

Nas últimas semanas transcendeu a decisión do SERGAS de acometer **un recorte máis na estrutura da Sanidade Pública que lle afecta a Cuntis directamente**. Dende o pasado 1 de xaneiro, o PAC de Caldas de Reis, que atende as urxencias a partir das tres da tarde dos veciños e veciñas de Cuntis (ademais de Caldas, Portas e Moraña) viu recortada a súa prestación: **de contar con dous facultativos/as no centro pasaremos a ter só un/unha**, que ademais das urxencias extrahospitalarias que se atenden teñen que facer fronte aos traslados ou asistencia domiciliarias que puideran xurdir nunha **poboación de máis de 21.000 habitantes**.

Esta decisión da Xunta de Galicia de Alberto Núñez Feijóo constitúe **un paso máis no desmantelamento progresivo da Sanidade Pública e chega nun momento de colapso absoluto da Atención Primaria**. Faino ademais en plena expansión de contaxios por mor da sexta vaga da pandemia do coronavirus e poucos meses despois de suprimir o servizo de pediatría no centro de saúde de Cuntis. O maltrato continuo e sistemático do persoal sanitario ten repercusión directa nas súas condicións laborais, pero tamén na prestación da asistencia sanitaria á que toda persoa ten **dereito**. O pasado mes de novembro coñeciamos unha sentenza do Xulgado do Penal número 1 de Pontevedra que sinalaba ao propio Servizo Galego de Saúde como responsable da morte dun paciente no PAC da Estrada por quedar este sen médico durante a tarde do 4 de agosto de 2018. A xestión da sanidade que leva a cabo o Partido Popular na Xunta de Galicia ten xa mortes na súa folla de servizos, e a isto é ao que nos arriscamos coa supresión de máis facultativos nos servizos de urxencias.

Veciñanza levará ao vindeiro pleno, deste mes de xaneiro, unha moción para instar ao Goberno Local de Cuntis a esixirlle á Xunta de Galicia a reposición do segundo facultativo no PAC de Caldas





**de Reis**, que é o que atende aos veciños e veciñas do noso municipio. A poboación cuntese presenta unha media de idade notablemente elevada e moitos dos domicilios atópanse a máis de 40 minutos do hospital de referencia (Montecelo). Ese tempo, así como a presenza ou non de médicos/as que poidan atender urxencias, pode **determinar a diferenza entre unha fatalidade ou unha resposta satisfactoria a tempo. Veciñanza lamenta a indiferenza amosada ata o momento por parte do Goberno Local de Cuntis, tal e como se o recorte non tivese incidencia para a nosa vila.**

A xestión da Xerencia da Área Sanitaria de Pontevedra – Salnés está a causar graves danos á prestación sanitaria pública na nosa vila, e configura un proceso de desmantelamento do sistema público e deterioro da prestación dun dereito básico. As nosas condicións de vida experimentan consecuencias conforme se dificulta o acceso a un sistema sanitario público e de calidade.

